

Cousas que cómpre saber para estudar Arte Dramática

[Unha parte importante da información relevante aparece recollida na páxina web da escola www.esadgalicia.com pois o centro está inmerso nun proceso de seguimento das súas ensinanzas, que realiza a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia]

Que é a ESAD de Galicia?

A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia é un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que ofrece ensinanzas oficiais.

Que podo estudar?

A ESAD de Galicia ofrece o Título Superior en Arte Dramática nas especialidades de *Dirección escénica e dramaturxia*, *Escenografía e Interpretación*. Na especialidade de Dirección escénica e Dramaturxia ofrece os itinerarios de *Dirección escénica* e de *Dramaturxia*, e no caso de Interpretación os itinerarios de *Interpretación textual* e de *Interpretación xestual*.

Cando se escollen os itinerarios?

En terceiro curso.

Canto duran estes estudos?

Catro cursos académicos para un total de 240 ECTS, con 60 ECTS por curso. Un ECTS é un crédito europeo. Como media cada curso implica 900 horas lectivas de formación en aula.

Como me podo matricular na ESAD de Galicia?

Para matricularse, primeiro hai que superar unha proba de acceso específica, e para poder inscribirse na mesma hai que ter cursado o bacharelato, ou ter aprobada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

Que bacharelato teño que facer?

Agás no caso da especialidade de escenografía (para a que é moi recomendable a Modalidade de Artes, Vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño) non é obrigatorio ter cursado unha modalidade específica de bacharelato.

E se teño un ciclo formativo de Grao Superior?

Non se contempla esa posibilidade na lexislación vixente.

E se non teño bacharelato?

Podes realizar unha proba específica que cada ano realiza a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que consiste nunha proba de madurez en relación aos contidos do bacharelato. Adoita celebrarse a finais de maio e a inscrición nas mesmas faise entre marzo e abril, segundo a convocatoria oficial que se fai pública en www.edu.xunta.es e no Diario Oficial de Galicia.

Cando se convocan as probas de acceso?

No mes de maio adoita publicarse a convocatoria, que se fai pública en www.edu.xunta.es e no Diario Oficial de Galicia. O período de inscrición das mesmas soe ir de finais de maio ao 15 de xuño. As taxas de inscrición supoñen uns 65 Euros.

E que fago se suspendo segundo de bacharelato en Xuño?

O alumnado que estea cursando 2º de bacharelato e que suspenda algunha materia pode matricularse nas probas e facelas. Se as supera obtén praza, aínda que condicionada a que obteña o título de bacharelato en setembro do mesmo ano.

Cando son as probas?

Durante a última semana de xuño e a primeira de xullo, segundo o calendario que se fai público cada ano.

En que consisten as probas?

Nunha única proba, para cada unha das tres especialidades, integrada por varios exercicios. Na páxina web da Escola atoparás toda a información en relación á natureza de cada exercicio e do seu desenvolvemento. No impreso IP601.08 e no procedemento PC 601.01 (na sección Calidade, apartado 6)

A partir de marzo a ESADg publica a información pertinente para as probas a celebrar en xuño/xullo, como o número de prazas de novo ingreso, natureza dos exercicios...; ata ese mes está dispoñible a información pertinente das probas xa realizadas no curso anterior.

Se supero as probas de acceso, gárdase o aprobado para outro ano?

En ningún caso.

Hai que facer a selectividade?

Non, non é necesaria, pero resulta aconsellable.

Canto custa a matrícula?

Arredor de 500,00 Euros. Non hai que abonar cantidades por outros conceptos ao tratarse dun centro público, agás o seguro escolar (2,00). Están previstos os descontos habituais noutros estudos como os de familia numerosa.

Pódese acceder a bolsas de estudos, becas...?

Ás que convocan as administracións educativas con carácter xeral.

Como se organiza a matrícula?

En primeiro curso hai que realizar matrícula completa, e hai que superar cando menos 20 créditos dos 60, para poder continuar os estudos. En 2º, 3º e 4º cabe facer matrícula parcial.

Podo validar materias doutros estudos?

Pódese solicitar recoñecemento de créditos por ter cursado estudos do mesmo nivel: ensinanzas artísticas superiores e/ou universitarias. O recoñecemento solicítase en xullo, no momento de realizar a matrícula.

Cal é o horario?

As clases adoitan ser de 8:30 a 15:00 cun recreo de media hora. O centro permanece aberto de 8:00 a 21:00.

Hai residencia e comedor?

Hai unha residencia oficial da Xunta de Galicia, o Centro Residencial Docente de Vigo, (<http://centros.edu.xunta.es/credovigo>) aínda que tamén é moi doado compartir piso. No taboleiro da ESADg hai moita información. Existe unha cafetería con menú.

Teño máis preguntas...

Consulta a nosa páxina web (www.esadgalicia.com), consulta a Guía do alumnado dispoñible na páxina web, chama por teléfono 986.246399, ou envía un correo: esad.galicia@edu.xunta.es

Podo visitar a ESADg?

Ben de forma individual ben de forma colectiva a través do centro onde estudes. Chama e concerta unha visita ou unha entrevista.